

Acta da Sesión Ordinaria da Xunta Electoral Escola de Enxeñaría Industrial

Asistentes

Pardo Froján, Juan Enrique
Izquierdo Belmonte, Pablo
Diéguez González, Luís
Fernández Montenegro, Andrea
Martínez García, Fernando

Orden do día:

1. Calendario electoral para as eleccións a Director da EEI. Aprobación se procede.
2. Rogos e preguntas.
3. Aprobación, se procede, da acta da sesión.

Na sala de xuntas da sede campus da Escola de Enxeñaría Industrial (EEI) do Campus Remoto (<https://campusremotouvigo.gal/access/public/meeting/3131868960>) e previa regulamentaria convocatoria, ás 11:30 horas do 3 de xullo de 2020, comeza a sesión ordinaria da Comisión Electoral da EEI para as Eleccións a Director da EEI ca asistencia dos membros relacionados anteriormente.

Preside a sesión Juan Enrique Pardo Froján, director da EEI, e actúa como secretario Pablo Izquierdo Belmonte.


1. Calendario electoral para as eleccións a Director da EEI. Aprobación se procede.

Apróbase por asentimento o seguinte calendario electoral para as eleccións de Membros da Xunta de Escola da EEI.

17/07/2020	Publicación dos censos provisionais
20/07/2020 ó 23/09/2020	Prazo de reclamacións ós censos provisionais (<i>non computan os días non lectivos dos meses de xullo, agosto e setembro</i>)
25/09/2020	Publicación dos censos definitivos
28/09/2020 ó 30/09/2020	Prazo presentación de candidaturas
02/10/2020	Proclamación provisional de candidaturas
05/10/2020 ó 07/10/2020	Prazo de reclamación ás candidaturas provisionais
09/10/2020	Proclamación definitiva de candidaturas
12/10/2020 ó 14/10/2020	Campaña electoral
15/10/2020	Xornada de reflexión
16/10/2020	Votación (Xunta de Escola)

As reclamacións debidamente argumentadas e a presentación de candidaturas realizaranse na Área de Apoio a Centro e Departamentos ou no Negociado de Asuntos Xerais de calquera das dúas sedes da EEI de 9.00 a 14.00 horas, ou ben de forma telemática, por rexistro electrónico da Universidade de Vigo, ou ben por email ás seguintes direccións: eei.asuntosxerais@uvigo.es ou eei.centro.departamentos@uvigo.es.

As publicacións relativas ás eleccións realizaranse nos taboleiros electorais e na páxina web da Escola de Enxeñaría Industrial.



2. Rogos e preguntas.

Non hai rogos nin preguntas.

3. Aprobación, se procede, da acta da sesión.

Apróbase por asentimento a presente acta.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión as 11:35 horas do 3 de xullo de 2020.

Presidente

Juan Enrique Pardo Froján

Secretario

Pablo Izquierdo Belmonte

